

A presentación dun libro é sempre motivo de ledicia, pois é a entrega de algo descoñecido, que hoxe presentamos á sociedade e dende este intre podemos ler e participar dos seus contidos, sempre que nos deamos esa oportunidade, que nos enriquecerá e convidaranos á reflexión sobre aquelas achegas que acabamos de coñecer.

Esta é a labor que o Certame Manuel Rodríguez López, está a facer nos últimos vinte e catro anos de vida, acadando un momento espléndido e apuntando unha mellora no futuro, no vindeiro ano estaremos de “*vodas de prata*”, 25 anos, ano 2020. Como deixou escrito o noso POETA: “*non coides xaniño que xa rematou o meu cantar*”, aquí temos a XXIV edición, para confirmalo.

Destacamos a participación de 770 obras (350 obras en poesía e 420 obras en narrativa), todas de gran calidade. Agradecemos ao xurado o seu gran traballo, pois non é nada doado, resolver entre tantas obras e de tanta calidade. Invito aos lectores, que despois de ler as obras que foron gañadoras, se fixen nos currículos dos autores.

Con dez galardoados e cun amplio abano de obras, que van dende a más crúa realidade, por exemplo o cambio climático; a denuncia da sociedade consumista e os seus contrastes; historias da vida; meigas; encontro cunha nova vida, dende outra perspectiva; historia como “*El manuscrito oculto de Lactancio*”; “*A Santa Compañía*”.

Cabe salientar o lugar de residencia dos autores galardoados, sendo de diferentes Comunidades Autónomas do territorio español e doutros países, Villalba (Lugo), Valladolid, Cuba, Galdakao (Bizkaia), Castellón, Arteixo (A Coruña), Alzira (Valencia), Galapagar (Madrid), Cantabria e Londres.

Quero lembrarme na honra do noso autor, que o pasado 31 de outubro, tivo lugar no Concello de Paradela, o **día da restauración da memoria lingüística de Galicia**, con tal motivo realizouse unha visita ao cemiterio do antigo Mosteiro de San Facundo, que é o único de Galicia que ten todas as súas lápidas en galego. Neste acto tivemos unha mención especial ao noso fillo predilecto, polo seu interese na recuperación do antigo Mosteiro, lembrándome, das súas verbas, nunha das últimas visitas que lle fixemos: “*Xosé Manuel, e ti non cres, que este vello mosteiro, non está pedindo que se lle bote unha man, para expoñernos toda a súa riqueza e historia, que atesoura*”.

As túas pegadas, fixeron que hoxe sigamos contigo, na procura de achegar a túa obra ao mundo.

Paradela, decembro 2019  
Xoxé M. Mato Díaz.